

*Núm.* 1.919

*Fecha* 3/8/06

15131



*Copia*

ADAPTACION DE ESTATUTOS

"FUNDACION GALICIA EMPRESA"

*Enrique Roger Amat*

*Notario de Santiago*

*Senra, 1 - 1ª izda.  
15702  
n.erogera@laley.net  
erogera@notariado.org*

*Teléfono: 981 58 51 11  
981 55 52 52  
Fax: 981 57 03 55*

6U3594864



006

---- NUMERO MIL NOVECIENTOS DAZANOVE.-----

---- En SANTIAGO, a miña residencia, a tres de Agosto de dous mil seis.-----

---- Perante mín, ENRIQUE ROGER AMAT, Notario do Ilustre Colexio de Galicia,-----

==== COMPARECE: ====

---- DON FRANCISCO-JAVIER SUAREZ-VENCE SANTISO, maior de idade, divorciado e veciño de Boqueixón, con domicilio en Lamas - Iglesia, s/nº.; D.N.I. 35.127.351-A.-----

---- INTERVEN en representación, como Secretario do Padroado, da "FUNDACION GALICIA EMPRESA", domiciliada en Santiago, Urbanización Huerta de San Francisco, Rúa Curraliño, nº 2, constituída por tempo indefinido en escritura autorizada polo Notario de Santiago, Don Ildefonso Sánchez Mera, de 26 de Novembro de 1.996, nº 5.998, inscrita no Rexistro de Fundaciones; C.I.F. G-15474117. O seu nomeamento e aceptación, resultan da devandita escritura de carta fundacional. Así resulta de todo o transcrito,

que me exhibe, cúa vixencia afirma, sin nada des-  
virtuante.-----

---- O identifico polo seu D.N.I.- Ten, ó meu xui-  
zo, capacidade para esta escritura de ADAPTACION DE  
ESTATUTOS, e,-----

==== OUTORGA: ====

---- Executa os acordos tomados en reunión do Pa-  
droado da Fundación, celebrada o 13 de Xuño de  
2.005, na forma e modo que resultan de certifica-  
ción expedida polo comparecente, como tal Secreta-  
rio, co Visto e Prace do Presidente, Don Manuel Pu-  
ga Pereira, cuas sinaturas advero e incorporo.-----

---- Entregame para unir a esta matriz, os estatu-  
tos polos que se rexirá a fundación, estendidos en  
dez folios de papel común.-----

---- Fixen as reservas e advertencias legais, espe-  
cialmente as relativas ó Rexistro de Fundacións,  
así como a obrigatoriedade de inscrición no mesmo  
e as relativas ó artigo 5 da LO 15/1999 de protec-  
ción de datos de carácter personal.-----

---- Leolle esta escritura, pola súa elección, a  
aproba e asina conmigo, o Notario, que dou fe. Si-  
gue a firma do comparecente = Signado: Enrique Ro-  
ger = Rubricados = Selado.-----

6U3594865



DOCUMENTOS UNIDOS :

**CERTIFICACION DA XUNTA XERAL DO PADROADO DE DATA  
13/06/2006**

Francisco Javier Suárez-Vence Santiso con N.I.F. 35127351-A, na súa calidade de Secretario da entidade FUNDACION GALICIA EMPRESA.

CERTIFICO:

- 1) Que na Xunta Xeral do Padroado de data 13 de xuño de 2005 adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos:
  - a) Aprobouse por unanimidad a modificación dos estatutos da Fundación, para a súa adaptación á nova Lei 50/2002 de 26 de decembro, de Fundacións, e outras normas concordantes.
  - b) Facultar a don Javier Suarez-Vence Santiso para elevar a públicos tales acordos.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a catro de marzo de dous mil seis.

O Secretario  
Asdo.- D. Fco. Javier Suárez-Vence Santiso

Visto e prace, O Presidente  
Asdo.- D. Manuel Puga Pereira

## ESTATUTOS DA FUNDACIÓN

### TÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS.

---- Art.1.- Denominación e natureza.-----

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación de "FUNDACIÓN GALICIA EMPRESA" constitúese unha organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado, de forma duradeira, á realización dos fins de interese xeral, propios da institución.-----

---- Art.2.- Personalidade e capacidade.-----

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, podendo realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con sometemento ao establecido no ordenamento xurídico.

Con carácter enunciativo e non exhaustivo pode:-----

a. Adquirir, posuír, conservar, reter, administrar, enaxenar, permutar, gravar, e, en xeral, dispor, transformar e converter libremente bens e dereitos de todas as clases.-----

b. Celebrar todo xénero de contratos e actos, concretar operacións crediticias, renunciar e transmitir bens e dereitos de todas as clases.-----

c. Promover, opoñerse, seguir e desistir nos procedementos que estime oportunos e exercitar libremente toda clase de dereitos, accións e excepcións ante os xulgados e tribunais de calquera clase, organismos e dependencias das administracións públicas e demais corporacións, organismos e entidades, tanto de dereito público como privado, nacionais ou estranxeiros.-----

d. E, en xeral, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.-----

6U3594866



2006

Será necesario o acordo expreso do padroado, adoptado coa maioría prevista no artigo 13.3 do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, sobre a regulamentación da organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, para que a fundación poda dos seus bens a título gratuito, cando coa doazón ou cesión gratuita se cumpren directamente fins fundacionais.

Ademais, sométense expresamente á Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións.

---- Art.3.- Réxime.

A Fundación rexerá pola Lei 7/1983, do 22 de xuño, de Réxime Xurídico das Fundacións de Interese Galego, reformada polas Leis 11/1991, de 8 de novembro, e 3/2002, do 29 de abril. Polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, sobre a Regulamentación da Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

Asemade rexerá pola Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, o Regulamento de aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro; polas demais disposicións legais vixentes que sexan de aplicación e pola vontade do Fundador manifestada nestes Estatutos e polas normas e disposicións que, en interpretación e desenvolvemento delas, estableza o Padroado.

---- Art.4.- Enderezo.

O enderezo da Fundación radicará na Urbanización Huerta de San Francisco, Rúa Curraliño, núm. 2, de

Santiago de Compostela, provincia de A Coruña.-----

O Padroado poderá promover o cambio de enderezo, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao Protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.-----

O órgano de Goberno da Fundación pode celebrar sesións e xuntanzas en calquera localidade do seu ámbito territorial.-----

---- Art.5.- Ámbito de actuación.-----

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma Galega.-----

## TÍTULO SEGUNDO. OBXECTO DA FUNDACIÓN.

---- Art.6.- Fins.-----

A Fundación ten por obxecto a promoción, vertebración e divulgación da empresa galega como entidade específica, caracterizada pola súa vinculación á realidade socio-económica e cultural de Galicia.-----

En particular, son obxectivos da Fundación:-----

a) A normalización do uso do galego na empresa, tanto nas súas relacións internas, como externas, e sen prexuízo do apoio á poliglosía como factor esencial da actividade empresarial.-----

b) Promoción da investigación das características peculiares da empresa galega e da súa potenciación e desenvolvemento.-----

c) Apoio á aplicación dunha estética diferenciadora dos seus produtos.-----

d) Creación e fomento de centros de diálogo e de publicacións relativas á vinculación da empresa coa realidade económica, social e cultural de Galicia.-

O Padroado terá plena liberdade para determinar a actividade da Fundación, dentro dos seus fins, cara aqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel, sexan os máis axeitados ou convenientes en cada mo-

6U3594867



2006

mento. \_\_\_\_\_

---- Art.7.- Colaboración con outras entidades para o desenvolvemento dos fins. \_\_\_\_\_

A Fundación resérvase o dereito a colaborar no desenvolvemento das actividades doutras entidades que realicen actividades cadrantes ou complementarias coas da propia Fundación. \_\_\_\_\_

**TÍTULO TERCEIRO. REGLAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS Ó CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS.** \_\_\_\_\_

---- Art.8.- Destino das rendas e ingresos. \_\_\_\_\_

A fundación destinará á realización directa dos seus fins cando menos o 80% das seguintes rendas e ingresos, logo da deducción de impostos: \_\_\_\_\_

a) As rendas das explotacións económicas que desenvolva. \_\_\_\_\_

b) As rendas derivadas da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade. Excluíranse os ingresos obtidos na transmisión onerosa de bens inmobles nos que a fundación desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvista en bens inmobles nos que concorra dita circunstancia, que se axustarán ás condicións sinaladas polo Protectorado (Artigo 20.1 da Lei 7/83). \_\_\_\_\_

c) Os ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a obtención dos mencionados ingresos. Os gastos realizados para a obtención dos indicados ingresos poderán estar integrados, no seu caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos



gastos financeiros e dos tributos, encanto que contribúan á obtención dos ingresos, excluindo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios ou do obxecto da entidade sen fins lucrativos. No cálculo dos ingresos non se incluírán as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial no momento da súa constitución ou nun momento posterior, sen prexuício de disposto no artigo 20 da Lei 7/1983.

Deberán destinarse o resto das rendas e ingresos, unha vez deducidos os gastos de administración, a incrementar a dotación patrimonial ou as reservas, segundo acorde o Padroado.

O prazo para o cumprimento deste requirimento será o comprendido entre o inicio do exercicio no que se obtivesen as respectivas rendas e ingresos e os catro anos seguintes ao peche do mencionado exercicio.

#### ---- Art. 9.- Beneficiarios-----

Serán beneficiarios da FUNDACIÓN GALICIA EMPRESA todas as empresas galegas, entendendo por tales aquelas que estean domiciliadas ou desenvolvan as súas principais actividades en Galicia.

### TÍTULO CUARTO. FUNDADORES.

#### ---- Art.10.- Membros Fundadores.-----

Son membros fundadores os que figuran na escritura da Carta Fundacional.

### TÍTULO QUINTO. GOBERNO DA FUNDACIÓN.

#### ---- Art.11.- Órgano de goberno da Fundación. Natureza.-----

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación correspondéndolle a súa dirección e impulso, executando as súas funcións con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes Estatutos.

#### ---- Art.12.- Liberdade de actuación.-----

6U3594868



O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis axeitados ou convenientes en cada ocasión.-----

---- Art. 13.- Composición do Padroado-----

O Padroado estará integrado inicialmente polos fundadores. As persoas xurídicas do Padroado deberán designar unha persoa física que as represente.-----

Posteriormente, en virtude de acordo adoptado pola maioría absoluta dos membros do Padroado, éste poderá nomear novos patróns, que poidan ser tanto persoas físicas como xurídicas, debendo aportar a dotación económica establecida como dotación inicial.-----

---- Art.14.- Duración dos mandatos.-----

Os patróns desempeñarán o seu mandato por tempo indefinido.-----

---- Art. 15.- Aceptación do cargo de patrón, cese e substitución-----

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá facerse constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente ou en certificación do Padroado, coas sinaturas do Secretario e Presidente, e farase constar no Rexistro de Fundacións.-----

O cese dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes: por morte ou declaración de finamento, así como por extinción da persoa xurídica; renuncia comunicada coas debidas formalidades; por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade,

de acordo co establecido na lei; por cese no cargo por razón do cal foron nomeados membros do Padroado; por resolución xudicial; polo transcurso do período do seu mandato, se foron nomeados por un determinado tempo, transcurso do prazo de 6 meses dende o outorgamento da Escritura Pública fundacional sen instar a inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións, así como as demais causas previstas na lexislación vixente.-----

A renuncia será efectiva dende que se notifique ao órgano de goberno da fundación e deberá facerse na forma prevista para a aceptación do cargo de patróns. Calquera patrón poderá decidir a súa separación. No caso de se tratar dunha persoa xurídica, logo do acordo do órgano de goberno, segundo as disposicións aplicables. Subsistindo, non obstante, os compromisos previamente contraídos.-----

Poderá decidirse a separación dalgún patrón da Fundación por acordo do Padroado, previa instrución do expediente con audiencia do afectado, en caso de contravimento notorio e incumprimento reiterado das súas obrigas estatutarias, sempre que previamente se practicase requirimento expreso en orde ao cumprimento das ditas obrigas.-----

Non será necesario requirimento previo no caso dos actos que afecten gravemente ao interese xeral e fins da Fundación, sendo precisa a concesión de audiencia no expediente que ao respecto se instrúa, de prioritaria tramitación.-----

En caso de cese ou vacante procederase inmediatamente, no prazo máximo dun mes, á substitución do membro cesado mediante a designación polo Padroado dunha persoa para ocupar a vacante. A organización correspondente procederá a notificar a proposta de nova designación antes da finalización do mencionado prazo.-----

---- Art.16.- Carácter gratuito dos cargos.-----

Os membros do Padroado e da Comisión Executiva non recibirán remuneración polo exercicio do seu mandato, debendo ser desempeñados coa adecuada dilixencia. Terán, non obstante, dereito, previa xustificación, ao abono dos gastos que o exercicio do seu

6U3594869



/2006

cargo lles produza, incluídos os da viaxe e estancia para a asistencia a xuntanzas ou á realización de misións relativas á Fundación que se lles encomende. A tal fin, será necesario o acordo do Padroado sempre que, ademais, se faga constar anualmente no orzamento de gastos non superando as porcentaxes previstas na lexislación vixente.\_\_\_\_\_

Con independencia do establecido no parágrafo anterior, e se así se decide por acordo do Padroado, en caso de ser necesario pódese remunerar ós apoderados xerais que sexan membros do Padroado, de conformidade co establecido na lexislación vixente. Así mesmo, o Padroado poderá acordar unha retribución adecuada a aqueles patróns que presten á Fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do Padroado, previa autorización do Protectorado.\_\_\_\_\_

---- Art. 17.- Organización do Padroado.\_\_\_\_\_

O Padroado da Fundación contará cunha Presidencia, unha Vicepresidencia e os vogais del, que serán nomeados polo padroado.\_\_\_\_\_

O padroado nomeará un secretario/xerente, que asistirá ás reunións del con voz pero sen voto.\_\_\_\_\_

Ademais, o Padroado poderá nomear unha "Comisión Executiva" coas funcións e a composición establecidas no art. 22.\_\_\_\_\_

---- Art. 18.- Do Presidente e o Vicepresidente.---

O Presidente será nomeado polo Padroado.\_\_\_\_\_

O Padroado designará de entre os seus membros un vicepresidente.\_\_\_\_\_

---- Art.19.-Facultades do Presidente e do Vicepresidente.-----

1.- Ó Presidente correspóndelle ostentar a representación da Fundación, convocar e presidir as xuntanzas do padroado, determinar, atendendo ás peticións dos patróns, a orde do día delas, moderar os debates e velar pola execución dos acordos que se adopten.-----

2.- Representar ao padroado e comparecer, por sí ou por medio de apoderado, ante toda clase de organismos públicos e privados, por calquera concepto, presentar toda clase de recursos, así como ratificar ou desistir de actuacións.-----

3.- O Vicepresidente substituirá ao Presidente en casos de vacante, ausencia ou enfermidade, así mesmo exercerá as funcións que lle delegue o Presidente, podendo actuar en representación da Fundación naqueles supostos que así se determine por acordo do Padroado.-----

---- Art.20.- O Secretario/Xerente-----

1.- O Secretario/Xerente será o encargado da xestión diaria da fundación baixo a dirección e as facultades recollidas nestes estatutos e o apodeiramento que o Padroado lle encomende.-----

2.- Ten como finalidade asegurar o funcionamento da entidade, estando ao seu cargo o despacho e os trámites da xestión ordinaria. O Secretario será asistido pola estrutura técnica administrativa que decida o Padroado.-----

3.- Será designado, a proposta da comisión Executiva, por decisión do padroado. O Secretario integrárase no Padroado con voz pero sen voto.-----

4.- O cargo de Secretario/Xerente poderá ser retribuído.-----

Son funcións do Secretario/Xerente:-----

a) A Secretaría dos órganos colexiados da fundación.-----

6U3594870



2/2006

b) Asesoramento administrativo da fundación.-----

c) A convocatoria das sesións dos órganos colexia-  
dos, pola orde do Presidente.-----

d) Fedatario de todos os actos, resolucións e acor-  
dos .-----

A custodia de toda a documentación pertencente á  
Fundación, levantar as actas correspondentes ás  
xuntanzas do Padroado, podendo acudir ás sesións do  
padroado con voz e sen voto. No suposto de vacante,  
ausencia ou enfermidade do xerente, as funcións de  
secretaría das reunións do Padroado serán realiza-  
das polo vocal de menor idade.-----

e) Expedir as certificacións e informes que sexan  
necesarios e, todas aquelas que se lle deleguen-----

f) Asistencia e colaboración aos órganos da Funda-  
ción e o coidado da adecuada execución das resolu-  
cións e acordos.-----

g) Exercer, de acordo co Padroado, as actividades  
de xestión da Fundación e demais que éste lle enco-  
mende con carácter xeral e específico.-----

h) Exercer, por delegación, as funcións propias  
destes órganos, dando conta aos mesmos, dentro dos  
límites legalmente establecidos.-----

i) Realizar, de acordo co padroado, funcións econó-  
mico-administrativas.-----

j) Redactar o borrador da memoria anual e documen-  
tos de planificación previstos nestes estatutos,  
que se presentarán ao Padroado, se procede.-----

---- Art. 21.- O Tesoureiro e o Contador.-----

O Tesoureiro e o Contador serán designados e relevados libremente polo Padroado de entre os seus membros. O primeiro cuidará da conservación dos fondos e ambos indistintamente firmarán e intervirán a documentación de cobros e pagos e supervisarán a contabilidade.

---- Art. 22.- A Comisión Executiva.-----

A Comisión Executiva constitúe un órgano de asesoramento e apoio ao Padroado, coas facultades de administración e xestión que o padroado lle poda delegar.

A Comisión Executiva poderá ter as competencias e facultades que por acordo de delegación do Padroado serán as seguintes:

- a) Exercer o seguimento, vixilancia e a orientación do labor da Fundación, velando en todo momento polo cumprimento dos seus fins, dando debida conta ao Padroado.
- b) Elaborar para a súa aprobación polo Padroado, o plano xeral de actividades sinalado nestes Estatutos.
- c) Elaborar para a súa aprobación polo Padroado, os programas de actividades que se realicen con carácter anual ou plurianual.
- d) Elaborar para a súa aprobación polo Padroado os presupostos e a proposta de financiamento dos programas de actividades.
- e) Elaborar o informe e o balance anual, a memoria de actividades da Fundación e as contas anuais para a súa aprobación, elevándose estes polo Padroado ao Protectorado correspondente, e aos organismos que legalmente sexa preceptivo.
- f) Elevar ao Padroado o informe anual, con indicación do número e tipo de actuacións realizadas.
- g) Elevar propostas ao padroado sobre calquera outros asuntos tendentes a un mellor desenvolvemento e eficacia dos fins da Fundación.

6U3594871



2/2006

h) Adopción de acordos por razón de urxencia, dando posterior conta ao padroado, que deberá ratificalos dentro dos límites establecidos legalmente.-----

i) E cantas outras lle delegue o Padroado, excepto as que a lexislación na materia establece como indelegables.-----

A Comisión Executiva estará formada como máximo por cinco membros elixidos por e entre os membros do padroado.-----

---- Art.23.- Facultades do Padroado.-----

O Padroado como titular exclusivo de todas as facultades que en dereito sexan precisas para o desenvolvemento dos fins fundacionais, lembrará e resolverá cantas actuacións sexan necesarias para o seu cumprimento, aprobando a asignación de recursos para financiar as súas actuacións de conformidade con estes Estatutos, sen máis limitacións que as establecidas na normativa de aplicación.-----

A competencia do Padroado esténdese á resolución de incidencias de todo tipo no que concirne ao goberno, representación e administración da Fundación.---

Así mesmo estendese á interpretación e modificación destes Estatutos, cando sexa preciso e sempre que sexa conveniente aos intereses da Fundación e á mellor consecución dos seus fins.-----

No exercicio das súas funcións, o padroado poderá realizar toda clase de actos e negocios xurídicos sen máis requirimentos e formalidades cos establecidos nas leis e nestes Estatutos.-----

Con independencia das funcións que lle outorgan estes Estatutos, e sen prexuízo de solicitar as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título



enunciativo, serán facultades do Padroado:-----

a) Exercer a dirección e o impulso da Fundación, executando as súas funcións con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes Estatutos.---

b) Realizar cantas actuacións sexan necesarias para o desenvolvemento dos fins fundacionais, aprobando as asignacións de recursos para financiar as súas accións conforme ao establecido nestes Estatutos e sen máis limitacións que as establecidas nas normas de aplicación.-----

c) Ó Padroado corresponden todas as facultades de representación, dirección e administración da Fundación, xudicial e extraxudicialmente e de administración e disposición a título oneroso do seu patrimonio.-----

Poderá, en conclusión, realizar todo tipo de actos, incluídos os de disposición: préstamos e hipotecas; e os de librar, endosar, adquirir, intervir, aceptar, cobrar, descontar e negociar letras de cambio e billetes de empréstito, cheques, facturas e outros documentos de comercio; prestar e solicitar avais e fianzas, pedir créditos e descontos; intervir en poxas, concursos, e contratación directa; e concluír todos os negocios xurídicos que estime adecuados aos intereses da Fundación. Poderá ademais conferir cantos poderes xerais e especiais considere necesarios para a boa xestión social, así como revogalos e substituílos por outros; ou nomear un ou varios directores ou xerentes coas atribucións e funcións que teñan a ben encomendarlles.---

d) Aprobar as contas anuais.-----

e) Exercer a inspección, vixilancia e orientación do labor da Fundación.-----

f) Acordar a apertura e os peches do centro, oficinas e delegacións.-----

g) Acordar a fusión, extinción e liquidación da Fundación.-----

h) Determinar a designación, a remoción ou aceptar a dimisión do secretario da Fundación.-----

6U3594872



2/2006

A execución dos seus acordos, salvo expresa determinación deles noutro membro do Padroado, ou secretario/xerente, correspóndelle ao presidente. Os apoderamentos xerais e a súa revogación, as delegacións e a creación doutros órganos de goberno deben inscribirse no Rexistro.

---- Art.24.- Dereitos dos patróns.

Os patróns da Fundación terán os seguintes dereitos:

a) Asistir, con voz e voto, ás sesións dos órganos colexiados en que estean representados de acordo a estes Estatutos.

b) Recibir información por medio dos seus representantes, e obtela para si en orde ao exercicio interno das súas funcións.

c) Presentar a través dos seus representantes mocións, proposicións, rogos e preguntas aos órganos de que formen parte.

d) E os establecidos na lexislación, nestes Estatutos e nas normas que os desenvolven.

---- Art.25.- Obrigas do Padroado.

Na súa actuación o Padroado deberá axustarse ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes Estatutos.

Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo plenamente o rendemento e utilidade deles.

O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación, para que sexan coñecidos

polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.-----

Entre outras, son obrigas dos patróns facer que se cumpran os fins da Fundación, concorrer ás xuntanzas ás que sexan convocados, desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de conservación e produción os bens e valores da Fundación, e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nestes Estatutos.-----

Os patróns responderán fronte á Fundación dos danos e perxuízos que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados negligentemente. Estarán exentos de responsabilidade os que se opuxesen ao acordo determinante dela, ou votaran en contra; os que non intervindo na súa adopción e execución descoñecían a súa existencia ou coñecendoa fixeron todo o posible para evitar o dano ou ao menos opuxéronse expresamente a aquel.-----

---- Art.26.- Xuntanzas do padroado e convocatoria.

O Padroado reunirase, cando menos , dúas veces ao ano e tantas veces sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao Presidente convocar as xuntanzas del, ben a iniciativa propia, ben cando o solicite un terzo dos seus membros.-----

A convocatoria farase chegar a cada un dos membros, cando menos, con cinco días de antelación á data da súa celebración, utilizando un medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela indícarase o lugar, día e hora de celebración da xuntanza, así como, a orde do día.-----

Non será preciso convocatoria previa cando se atopen presentes todos os patróns e acorden por unanimidade a celebración da xuntanza.-----

---- Art.27.- Forma de deliberar e tomar os acordos.-----

O Padroado estará constituído cando concorran presentes ou representados na forma indicada no parágrafo cuarto deste artigo, cando menos, a metade máis un dos seus membros.-----

6U3594873



2/2006

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes, agás que a normativa aplicable ou estes Estatutos exixan maiorías cualificadas, e será dirimemente, en caso de empate, o voto do seu Presidente.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña maioría absoluta do número dos seus membros, para a adopción de acordos en que así se estableza expresamente no Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

As votacións serán a man alzada, non obstante, serán segredas cando así o solicite algún dos membros presentes. Calquera membro ten dereito a que se especifique na acta, de maneira resumida, o sentido do seu voto, se así se formula por escrito.

Poderá facerse delegación de voto nas reunións do Padroado e da Comisión Executiva, cando o membro confira a calquera dos restantes do órgano de goberno a súa representación, en comunicación escrita dirixida ao Presidente e con carácter especial para cada reunión, poñéndose en coñecemento dos asistentes ao inicio de cada reunión.

As actuacións dun patrón en representación doutro deben axustarse ás instrucións que, no seu caso, formule o representado por escrito.

Das xuntanzas do Padroado, o Secretario levantará a correspondente Acta, que deberá ser suscrita e aprobada por todos os membros presentes nelas. Esta transcribirase ao correspondente libro de actas e será asinada polo Secretario co visto bo do Presidente.

## TÍTULO SEXTO. RÉXIME ECONÓMICO.

### ---- Art.28.-Patrimonio Fundacional-----

O patrimonio da Fundación pode estar integrado por toda clase de bens e dereitos susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación logo da súa constitución, estén afectos ou non á dotación.-----

Uns e outros deberán figurar ao nome da fundación e constar no seu Inventario, no Rexistro de Fundacións e nos demais Rexistros que corresponda.-----

### ---- Art.29.- Dotación da Fundación.-----

A dotación da Fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación, e por aqueles outros que no sucesivo se aporten a ela con ese carácter.-----

A dotación inicial estará recollida na Carta Fundacional.-----

### ---- Art.30.- Financiamento.-----

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, no seu caso, con aquel outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas. Asemade, a Fundación poderá obter rendementos pola realización das súas actividades, sempre que iso non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios. Todo isto de acordo co establecido no art. 21 do Decreto 248/1992, do 18 de xuño que aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.-----

### ---- Art.31.- Administración.-----

Está facultado o Padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da Fundación, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de cada momento e sen perxuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna

6U3594874



/2006

comunicación ao Protectorado, dentro dos límites establecidos legalmente.\_\_\_\_\_

---- Art.32.- Réxime Financeiro.\_\_\_\_\_

O exercicio económico coincidirá co ano natural.\_\_\_\_\_  
A Fundación levará aqueles libros obrigatorios que determine a normativa vixente e aquel outros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade.\_\_\_\_\_

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerá de acordo aos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.\_\_\_\_\_

Levarase necesariamente un Libro Diario e un Libro de Inventarios e de Contas Anuais.\_\_\_\_\_

---- Art.33.- Confección de Orzamentos, Rendemento de Contas e Memoria Social de Actividades\_\_\_\_\_

Con periodicidade anual, e sempre no prazo máximo de 6 meses dende o peche do exercicio, o Padroado aprobará: o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Estas contas anuais presentaranse ao Protectorado nos dez días hábiles seguintes á súa aprobación, segundo o preceptuado no Real Decreto 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información presupostaria destas entidades.\_\_\_\_\_

Asemade, o Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio o plan de actuación no que estean reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte.\_\_\_\_\_

TÍTULO SÉTIMO. DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU

## EXTINCIÓN.

### ---- Art.-34.- Modificación de estatutos.-----

Por acordo do Padroado, adoptado pola maioría que fixa o artigo 13.3 do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, poderán ser modificados estes Estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación.

### ---- Art.35.- Fusión con outra Fundación-----

O Padroado poderá (mediante acordo adoptado cos mesmos requisitos sinalados no punto anterior), decidir a fusión da Fundación con outra, logo do acordo concertado ao efecto con esta última.

### ---- Art. 36.- Extinción da Fundación.-----

A Fundación extinguirase polas causas, e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente. Será necesario que o Padroado adopte o acordo pola maioría que fixa o artigo 13.3 do Decreto 248/1992, do 18 de xuño.

### ---- Art. 37.- Liquidación e adxudicación dos bens resultantes da liquidación.-----

1.- A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que se realizará polo Padroado baixo o control do Protectorado.

2.- Os bens resultantes da liquidación destinaranse a fundacións ou outras institucións que persigan fins de interese xeral análogos aos da Fundación, e que teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto da súa disolución, á consecución dos mesmos fins, designadas no seu momento polo Padroado, de acordo co preceptuado na lexislación vixente.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo caso o previsto nestes Estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado lle atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a Fundación expresamente se somete.

6U3594875

02/2006



---- É COPIA FIEL E PRIMEIRA DO SEUS ORIXINAL, no que deixo posto nota da saca, e para a Fundación, expídoea no presente folio de papel notarial, que se recoñece e nos once anteriores correlativos.-----  
 ---- Santiago, el mismo día de su autorización. DOY FE.

*Enrique Roger M...*  
 \_\_\_\_\_

